

EIXE 2 | A Recuperación como meta

## TRABALLO PARA TI

### Entidade executante

**Asociación Agalure**

(<https://agalure.com/>)

### Ámbito territorial

O programa desenvólvese nos Concellos de Cambre, Oleiros, Culleredo, Carral, A Coruña, Padrón, Pontevedra, Vigo, Lugo, Guitiriz, Castro Caldelas.

### Persoas destinatarias

Persoas de 12 a 80 anos de idade, con diagnóstico clínico de tentativa ou ideación de suicidio susceptible de axuda profesional sociosanitaria, Familiares/contorna persoal das persoas usuarias.

### Obxectivos

**Obxectivo xeral:** Favorecer a plena integración socio-laboral das persoas con problemas de adiccións sen sustancia ou comportamentais a través de estratexias que permitan alcanzar o desenvolvemento das súas habilidades persoais, sociais, culturais e formativas.

#### **Obxectivos específicos:**

Lograr a inserción laboral das persoas que perderon ou non accederon ao mercado de traballo.

Atender, informar e asesorar a persoas en exclusión social, dotándoas de recursos e asesoramento socioemocional.

Incorporar aos circuitos sociais normalizados ás persoas con esta problemática.

Ofrecer asesoramento para acceder ás axudas sociais e recursos públicos/privado ás persoas en exclusión social.

Mellorar habilidades sociais e emocionais do/a paciente.

### Metodoloxía

Parte dunha visión integral da persoa, na que a persoa é a protagonista do seu proceso de procura e de intervención.